



ALTA DE USUARIO/ADMINISTRADOR NO SINAC

Tipos de usuario

Existen dous tipos:

- Usuario
- Administrador

En todos os organismos debe existir como mínimo unha persoa dada de alta e esta será administradora básica. Cando existan máis persoas dadas de alta, unha será administradora básica e o resto serán diferentes en función do organismo ao que pertencen: usuario/a municipal, supramunicipal, básico/a ou de laboratorio.

TIPOS	DESCRIPCIÓN	ORGANISMO AO QUE PERTENCEN
Administrador	administrador básico	<ul style="list-style-type: none">• Concello (cando o concello xestione directamente o abastecemento)• Empresa xestora• Laboratorio
Usuario	usuario Municipal	<ul style="list-style-type: none">• Concello (cando o concello non xestione directamente o abastecemento)
	usuario básico	empresa xestora
	usuario básico Laboratorio	laboratorio



Casos:

1 Organismo cun único usuario no SINAC

Este usuario debe ser administrador básico independentemente de que pertenza a un Concello, Laboratorio ou empresa xestora

2 Organismo con máis dun usuario no SINAC

Debe existir como mínimo un administrador básico e os demais usuarios poderán ser usuarios

Cómo darse de alta no sinac:

1 O responsable do organismo ao que pertenza esa persoa debe solicitalo por escrito á Dirección Xeral de Saúde Pública segundo o modelo que hai publicado na web (alta de usuario no SINAC). Se o prefire pode remitir a solicitude debidamente cuberta por correo electrónico: sinac.galicia@sergas.es

2 A persoa que vaia rexistrarse debe posuír certificado dixital da clase 2CA (certificado persoal). Na páxina de certificación española CERES (<http://www.cert.fnmt.es/>) podera' atopar toda a información necesaria para rexistrarse.

3 A persoa que vaia rexistrarse ten que entrar na aplicación SINAC (<http://sinac.msc.es/SinacV2/>) e rexistrarse como usuario ou administrador asociándose ao seu organismo correspondente.

Ojo: Os usuarios ou administradores de concellos non teñen que crear o organismo na aplicación, todos os concellos xa están creados como AYTO. DE, por tanto solo teñen que escribir o nome do seu Ayto na línea laranxa da aplicación.



4 O/A administrador/a autonómico/a, logo de comprobar que a documentación recibida se adecúa ao rexistrado na aplicación, aceptaraa ou rechazaraa.

5 A persoa interesada recibe un aviso da alta como usuaria/administradora no SINAC.

6.- A partir dese momento xa está asociado ao organismo correspondente (AYTO, empresa xestora, laboratorio) e podería realizar todos os trámites pertinentes para dar de alta infraestruturas, laboratorios, boletíns analíticos, sempre en función dos permisos correspondentes